

Acta I Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Mércores 10 de setembro de 2014 na Casa das Campas

Sendo as 19,30 horas e co quórum requirido (23 persoas) da comezo a Asemblea Fundacional de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

Acordase por aclamación unha Mesa para dirixir os traballos da Asemblea composta por:

Lembrase desde a Mesa que poderán participar **con voz e voto na asemblea fundacional as persoas que se sumen ao seu manifesto antes do martes 9 ás 24,00 horas** (no sitio www.mareapontevedra.org/adhesions)

1. Ratificación do Manifesto
2. Debate da folla de ruta.
3. Elección da Coordinadora e dos portavoces da Marea

ACORDOS:

Acordase por aclamación unha Mesa para dirixir os traballos da Asemblea composta por:

Lembrase desde a Mesa que poderán participar **con voz e voto na asemblea fundacional as persoas que se sumen ao seu manifesto antes do martes 9 ás 24,00 horas** (no sitio www.mareapontevedra.org/adhesions)

1. Ratificación do Manifesto

Aprobase por unanimidade

2. Debate da folla de ruta.

Somete a consideración, debate e aprobación dous documentos: Marea aberta (proceso) e protocolo mínimo de funcionamento quedando aprobada.

Na temporalización da folla de ruta márcanse dous períodos: unha fase deliberativa de contacto coa cidadanía e recollida de demandas e preocupacións e unha segunda fase propositiva para aprobar de xeito participativo programas e candidaturas.

Na primeira fase, que vai de setembro a decembro deste ano preténdese chegar a recadar información da veciñanza con asembleas abertas de barrios e

parroquias e con recollida de apoios na rúa. A idea é poder contar con un millar de adheridos ao final deste proceso.

Na segunda fase, que se celebrará en decembro, marcarase o proceso de aprobación de documentos programáticos. En todo caso a partir do próximo mércores porán en marcha sete áreas sectoriais abertas para que xa se vaia traballando en borradores dos mesmos.

A asemblea fundacional tamén aprobou os seus órganos de coordinación que estarán conformados por unha coordinadora xeral composta por 7 membros elixidos na asemblea e outros sete que sairán das distintas áreas de traballo.

3. Coordinadora

Elixese a Vanessa Angustia, Guillermo Casalderrey, Patricia Díaz, Virginia Díaz, Cynthia Piña, José Antonio Ramírez e Manolo Torres membros da coordinadora.

Antes de votar a portavocía se someteu a debate e votación a compatibilidade da portavocía da Marea cunha responsabilidade partidaria, sendo aprobada por maioría a compatibilidade.

Elixíuse como portavoz a Guillermo Casalderrey, que se complementara na portavocía paritaria con unha muller que sexa elixida na próxima asemblea de entre os coordinadoras de áreas.